



R lanza o seguro para móbil máis económico: dende 1 euro ao mes

- ***A solución diríxese a todos/as os/as clientes/as de móbil do operador, sen importar se lle compraron o terminal a R nin cal é a antigüidade do móbil.***
- ***A contratación realízase dende o mesmo móbil para o que se vai contratar o seguro, xa que a web identifica o modelo, fai a súa valoración e determina a cota mensual do aseguramento.***
- ***Como agasallo de benvida, o primeiro mes de cobertura do seguro será gratis.***

Luns, 22 de novembro de 2021.- R vén de lanzar o seu novo servizo “*Coidamos a túa pantalla*”, unha resposta innovadora a un dos principais problemas dos usuarios de móbiles: a rotura accidental das súas pantallas. Con esta solución, os clientes de R van poder contratar este servizo dende 1 euro/mes. Ademais, de agasallo, o primeiro mes do seguro será gratis.

Unha das novidades que ofrece esta solución reside en que é para todos/as os/as clientes/as, sen importar se lle mercaron o terminal a R ou a outro operador ou comercializador de móbiles. Tampouco importa cal é a antigüidade do terminal.

A rotura de pantallas dos terminais móbiles tras unha caída ou golpe accidental é un dos principais motivos de reparación nos establecementos especializados. Diferentes estudos reflicten que preto do 40 % dos usuarios romperon a pantalla do seu móbil nalgún momento e é o incidente máis habitual entre a poboación xuvenil; de feito é o compoñente máis fráxil do terminal. Polo tanto, é o elemento que máis se repara.

Os custos de reparación adoitan ser moi elevados, sobre todo nos *smartphones*, que levan integradas grandes pantallas, e ás veces o prezo do arranxo medio supera ao do propio móbil, polo que moitos usuarios se decantan por comprar un novo.

A operativa de contratación do seguro de pantalla de R é moi sinxela e realízase dende o mesmo móbil para o que se vai contratar o seguro, de maneira totalmente *online*, accedendo á web <https://mundo-r.com/seguros-de-movil/seguro-rotura-pantalla>, que identifica o modelo, fai a súa valoración e determina a cota mensual do aseguramento.

Seguridade, tranquilidade e aforro

Por todo isto, as vantaxes deste servizo concréntanse nunha maior **seguridade**, ao investir na protección do cristal da pantalla, e na **tranquilidade** que transmite ao usuario, ao despreocuparse das posibles caídas ou golpes que poida sufrir o móbil.

Dependendo das características do terminal (valor, antigüidade...), pódese protexer a pantalla dende 1 euro/mes. E, ademais, como agasallo de benvida, **R** lles regala a todos/as os/as clientes/as que o contraten un mes de seguro de pantalla gratis.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal